



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 3
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:			Nacionalidade:		
Data de nacemento:	___ / ___ / _____		Sexo:	home <input type="checkbox"/>	muller <input type="checkbox"/>
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras rexións de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder. ▪ Empreguen bolígrafo negro ou azul. ▪ Non se permite usar material de apoio. ▪ Adecúense á tarefa que se lles pide. ▪ Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado. ▪ Non se lles proporcionará outro caderno de exame. ▪ Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda. ▪ Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen típex). ▪ Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán. ▪ Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación |
|---|



negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga




3




Proba A1


Vostede pertence a unha asociación cultural que, na súa última xuntanza, lle encargou que elabore por escrito unha proposta de visita ao Parque Natural das Fragas do Eume. Logo de visualizar o vídeo, redacte a proposta solicitada, nun **texto de 300 palabras**, no que:

- Faga unha descrición xeral do Parque das Fragas do Eume que inclúa as súas principais características (situación, formación histórica...).
- Cite polo menos tres especies de árbores que se poderán ver na visita e mais a “xoia natural” da que se fala na reportaxe.
- Explique tamén cal é a razón pola que o Parque Natural se mantivo ata os nosos días practicamente sen ocupación humana.
- Finalice recomendando encarecidamente a súa visita.





ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1







A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central portion of the page, intended for the student to write their answers.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1





ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1







Proba A2

Esta é unha mensaxe que vostede atopou na sección *Libre Expresión* do xornal “Diario Independente”. Nela, as persoas contan o seu problema e esperan que alguén lles responda, orientándoas ou dándolles algún consello.

Ola:

Teño 63 anos e son funcionario. Dentro de dous anos xubilome e a verdade é que antes iso preocupábame bastante porque ata hai ben pouco eu non sabía o que había facer sen o meu traballo. Preguntábame en que podería investir tanto tempo libre, xa que estou viúvo dende hai 10 anos e o meu único fillo, que vive noutro país, só me vén ver cada catro ou cinco meses. Vida social? Tampouco che tiña moita. Son fillo único e os meus pais xa non viven. Teño dous tíos maternos e de cando en vez pasaba con eles algunha fin de semana na aldea, pero a verdade é que estaba pouco entusiasmado con manter calquera relación familiar. Quedaba cada quince días cuns vellos amigos para tomar algo ou para xogar ás cartas, pero nunca as fins de semana, xa que todos estaban máis pendentes das súas angueiras familiares.

Pero acaba de me ocorrer algo que está virando as tornas. Hai case un ano comecei a frecuentar unhas reunións da asociación cultural da zona onde vivo. Era un grupo de aproximadamente 30 persoas e sentínome moi a gusto entre elas, de xeito que seguíndo indo aos encontros. Acompañánnos dous monitores que organizan unhas conversas moi agradables, nas que participamos todos e acabamos debatendo en grupo algúns temas moi interesantes. Logo descubrín que o centro tamén promovía paseos e excursións e mais que ofrecía unha chea de clases e actividades como ximnasia, obradoiros de bricolaxe e de pintura artística, xogos de mesa e, o que máis me gusta, bailes de salón. E aí é onde eu quería chegar.

Resulta que na primeira reunión coñecín a Sofía, unha señora encantadora que me caeu xenial. Matriculeime esa mesma tarde nas clases de bailes de salón e, ao día seguinte,

cando fun á primeira clase, que felicidade sentín ao saber que sería ela a miña parella! Pois ao final, entre clases e reunións e mais algúns paseos que demos dende aquela, naceu entre nós un sentimento e unha relación moi bonita. Non sei se á nosa idade aínda podemos falar de namoramento, pero a verdade é que non o dou definido doutro xeito. Así que decidimos presentarnos ás nosas respectivas familias e falarlles dos nosos plans de dar un paso adiante na nosa relación.


Así e todo, eu aínda non fun quen de llo contar ao meu fillo. Levámonos moi ben, pero sempre tivo unha relación máis estreita coa súa nai. Ademais, como vivimos lonxe un do outro dende hai 12 anos, tampouco chegamos a ter tanta confianza como para contármonos as nosas cousas máis íntimas. El tampouco nunca me falou das súas relacións sentimentais. Pero claro, Sofía, que xa llelo contou todo aos fillos, insiste en que fale con el canto antes e así cando veña, dentro dun mes, facemos unha gran cea e coñecémonos todos. E eu non sei que hei de facer! A verdade é que sempre fun moi tímido e, de feito, de non ser pola iniciativa de Sofía, nin sequera comezaríamos a nosa relación. Por outra banda, á filla maior de Sofía custoulle un pouco aceptar a nosa relación e temo que lle aconteza o mesmo ao meu fillo. E se pensa que son un vello desvergoñado ou que estou traizoando a súa nai? Sei que iso non é certo; simplemente coído que teño dereito a refacer a miña vida e volver ser feliz. Trabucareime? Perdín o tino? Andarei a facer o ridículo créndome namorado á miña idade? Daquela, por que non teño coraxe de llelo contar aos amigos, parentes ou ao meu fillo? E non deixo de me facer estas preguntas. Temo que Sofía non ature esta miña indecisión e que me acabe deixando. Alguén me podería axudar?




Miguel

Vostede le a miúdo este diario e vaille escribir unha **carta resposta** ao autor da mensaxe. Nesta carta, de **300 palabras**, deberá:

- Ofrecerlle a súa opinión, indicándolle polo menos unha vantaxe e unha desvantaxe que pode ter a actitude que tomou ata agora.
- Responderlle as preguntas que fai.
- Mencionarlle un par de cambios (positivos ou negativos) que poden ocorrer na súa vida a partir de agora.
- Despedirse, animándoo a tomar unha decisión.





ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central portion of the page, intended for the student to write their answers.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2





A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central portion of the page, intended for the student to write their answers during the exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

